

VAL DE FORNELA

DO 20 AO 22 DE ABRIL DE 2018



No recanto máis noroccidental da provincia de León atópase, arrodeado de montañas e afastado de todas as estradas importantes, o val de Fornela no que imos Pasar o fin de semana do 20 ao 22 de abril 2018. Un longo desfiladeiros é a única vía de entrada a un val illado por séculos, limitado polo norte polos primeiros trazos da cordilleira cantábrica e polo sur por montañas de máis de 1.500 m. de altitude. As seis aldeas que hai no val, Peranzanes, Trascastro, Chano, Guímara, Faro e Cariseda, eran coñecidas por conformar unha comunidade ancestral de vaqueiros e de arrieiros. Como consecuencia do seu illamento secular posúe unha etnografía diferenciada. Así escoitaremos o burón-xerga que aínda adoitase falar nas aldeas do val-, e poderemos contemplar unha singular danza popular que só bailan os homes.



Xeograficamente é terra de montañas e imos visitala no mes do ano, abril, axeitado para gozar dunha paisaxe de serras que se xuntan e se arredan adornadas polas cores da primavera cecais salferidos por algúns borróns brancos de neve. Ao final do val atópase a gran confluencia de serras do noroeste, onde a serra de Ancares perde o seu nome, e aparecen outras como a serra de Cienfuegos, a do Mingatón ou a da Corredoira, que


forman os primeiros anacos da Cordilleira Cantábrica.

Atópanse no val o nacemento do río Cúa, o abesedo de Guímara, belidas paraxes como as do Cuadro ou o do Campo da Pesca, picos como o Mosqueiro, o Teso Mular e a Peña Roguera, valgadas vizosas como o de Zavuelve, lugares de fondas lembranzas como o da fonte da Pícaro. Lagoas feitucas como a do Chaugozo de Luiña ou as de Moredina e Camposa que poderemos admirar desde a liña de cumes. Tamén atópase o castro de Chano, o máis importante do Bierzo e un dos mellores do noroeste, Neste contorno realizaremos dúas rotas, sen dificultades específicas, adaptadas a todos os participantes, que poderán variarse se as dificultades meteorolóxicas así o aconsellase.

ROTA I – O DERRADEIRO PICO GALEGO, O MOSQUEIRO

Obxectivo: Subir ao último pico da cordilleira cantábrica con nome galego, o pico Mosqueiro percorrendo un tramo da cordilleira cantábrica, para gozar das espléndidas paisaxes que se albiscan cara ao norte (val de Degaña - Asturias), ao este (Anllares -León) e ao sur (Fornela – León)

Percorrido: Saímos de Peranzanes (950m) para acadar o porto do Traxecto que comunica o leonés val de Fornela coa aldea de Rebollar no veciño val asturiano de Degaña por un camiño que, disque xa utilizaron os romanos para comunicar o Bierzo cos altos vales asturianos. Un mesta e vizosa reboleira vainos acompañar



pola liña de cumes da recente nada cordilleira Cantábrica, ata a incríbel altitude dos 1500 m. Se cadra este é un dos poucos bosques autóctonos que acadan semellante altura. Antes da golada atopamos a belida pasaxe da braña do Traxecto, recentemente restaurada como lugar de lecer.

Dende a golada que arreda Asturias de León, comezamos a camiñar por un estreito carreiro entre matogueiras que nos achega á liña de cumes. Pasaremos polos altos da Ubia e do Portichín para acadar o Pico Mosqueiro (1.755m). As vistas son espectaculares, dende Muniellos a Anllares pasando por picos ben coñecidos como o pico Miro e o Alcornón de Busmori.



A baixada faremola por un espolón que nos encamiña ao sur ata chegar a unha das aldeas de máis difícil acceso de Castela, a aldea de Faro, hoxe cun único habitante residente pero con bastante bulebulé os fins de semana. Antes pasaremos polo “reenviador”, un magnífico artello que nos lembra épocas pasadas e que so alí in situ, poderemos adiviñar a súa razón de ser.


Distancia: 19,6 km. Desnivel positivo: 1.150m.

RUTA II – O CUETO MULAR E AS MASEIRINGAS

Sáímos polo camiño que comeza preto das escolas de Peranzanes (950m) que nunha corta pero costenta subida supera o teso dende o que se albisca o val de Trascastro. Na seguinte baixada un forte ruxerruxe avisaranos dunha ferverza moi afundida no terreo que tenta, pero non o consegue, afastarnos da súa vista.

Trascastro (1050m) -o pobo das fontes, nada menos que 3- é afamado polos seus danzantes. Magoa de non poder velos, so actúan nas festas parroquiais. Aquí comezamos a subida polo teso que nos vai levar por pista en reviravoltas ata acadar o alto de Espalomares (1650m). en curta baixada acadaremos á braña de Trascastro e logo por antigos carreiros que usaban as vacas iremos acadando cada vez máis altura pasando pola Peñona e o alto da Fervienza ata que aparece ante nos, pola súa vertente máis amábel o Teso Mular.

Opcionalmente podemos subir ao Teso Mular (1.885m) máxima altitude desta parte da cordilleira. Na divisoria albiscaremos desde as alturas a engaiolante paisaxe das lagoas asturianas de Moredina e Camposa, que semellan inaccesíbeis arrombadas contra os altos cantís. Atravesaremos en sentido lonxitudinal a formación xeolóxica chamada “maseiringas” para ollar a mole do Peña Roguera e tamén opcionalmente subiremos se hai tempo, ao alto da Camposa que limita coa vizosa valgada de Zavuelve. Reuniremonos todos na cabana refuxio de Can de Caballos rehabilitada co esforzo dos veciños de Chano hai uns dez anos. Alí poderemos lembrar como na penúltima invernada de Ártabros en xaneiro de 2009 esta cabana serviunos como acubillo de emerxencia ante a situación de apuro debida a unha fortísima xistra con copiosa nevarada que se levantara uns minutos antes a rentes das “maseiringas”. A baixada faremola polo val de Couso que percorrерemos ata rematar en Chano (980m), no seu típico bar.



Desnivel da rota II: 1000m. sin subir ao Teso Mular e ao alto da Camposa. Serán 270m. a maiores se se suben a estes dous picos. Distancia máxima: 17,4 qm. Altitude máxima acadada: 1.750 m (1.885m se se sube ao Teso Mular).



Complemento cultural da rota II: desde Chano o autobús levaranos ao castro de Chano que visitaremos –so se hai tempo-. No castro hai visitas guiadas (a nosa será autodidáctica) e ten centro de interpretación composto de tres pallozas.

VARIANTES RUTA II

Variante I: En caso de mal tempo, a ruta do domingo faríamola de ida e volta dende Chano.

Variante II, turística. Para aqueles que estean doentes ou cansos dabondo propónse un pequeno percorrido cultural (non guiado):

De Sto Domingo de Peranzanes vaise a Trascastro onde poderase escoitar o burón e visitar o Santuario da Nosa Señora de fachada barroca e esvelta espadana . Séguese a Chano onde se visitarán dous conxuntos relixiosos: a igrexa de San Pedro de Chano e a do Santísimo de Chano , pero estas non son as únicas sorpresas que nos agardan; máis adiante, a metade de camiño entre Chano e Guímara, aparece unha das alfaias mellor conservadas da bisbarra berciana, o Castro de Chano no que, en determinadas épocas é posíbel facer unha visita guiada.

NOTA DO ORGANIZADOR

Se ben os desniveis a subir, propios de ascensos a picos da cordilleira cantábrica, poden parecer algo grandes, non necesitan dun excesivo esforzo xa que as subidas son graduais. Un dato: O organizador fixo as rutas saíndo as nove da mañán e chegando, nunha ás 15h e na outra as 15.30. Agora en abril teremos tempo como ata ás 19h, ou sexa tempo dabondo. Para dar unha idea, o nivel físico que se necesita é o que ten unha persoa que faga os coñece e camiñas con costas sen atrasarse, cun chisco de alegría.

PECULARIEDADES DO VAL DE FORNELA

DANZANTES DO VAL DE FORNELA

Unha mostra do illamento secular do val de Fornela é a danza popular que só bailaban os homes. Non ten parangón nin en Asturias nin en Galicia nin en León. Os danzante visten garabata, faxín e chapeu negro

Porén en Guímara a muller sumouse a danza hai uns dez anos. Vexa e escoite no enderezo http://es.youtube.com/watch?v=oiz_THW7_mE aos danzantes de Guímara. Ou védelos tamén na romaría de Trascastro:

<https://www.bing.com/videos/search?q=danzantes+de+peranzanes&view=detail&mid=67E44E7371674BA1AA4967E44E7371674BA1AA49&FORM=VIRE>

CASTRO DE CHANO

Tamén atópase o castro de Chano, o máis importante do Bierzo e un dos mellores do noroeste que paga a pena visitar polo ben conservado que está con muros de máis de catro metros de altura, ruelas ben estreitas e moi conservadas e pola súa disposición, a media ladeira así como as aulas de interpretación asentadas en tres pallozas. Vexa descrición detallada e panorámicas en <http://estudiosbercianos.e.telefonica.net/patri/chano/chano.html>

ETNOGRAFÍA DO VAL DE FORNELA

O afastamento secular do val conformoulle características peculiares. Hoxe en día os 330 habitantes censados nas súas cinco aldeas as conservan e amais fachendean delas. Se quere saber máis vexa a web <http://www.cerespain.com/peranzanes.html>

A MIRADA CIRCULAR

A mirada circular é un percorrido circular a pe do Bierzo a traveso de 15 xeiras, que tivo o seu momento dourado a finais da década pasada. Unha das etapas, “a mirada dos celtas” cruzaba o val de Fornela, e coa finalidade de prestar acubillo aos camiñantes construíronse os bungalows nos que nos aloxaremos parte do grupo.

ALOXAMENTO, INSCRICIÓN E PRAZAS


PRAZAS CONVOCADAS: 33

ALOXAMENTO:

As prazas convocadas –todas as dispoñíbeis en Peranzanes- son 33 das que 5 son supletorias, situadas en tres lugares distintos desta pequena vila:

- Centro de Turismo rural de Peranzanes (antigo albergue).
- Establecemento rural construído sobre as antigas escolas de Peranzanes.
- 3 bungalows construídos para a Mirada Circular

Para a elección entre os tres aloxamentos e do tipo de cuarto (dobres, triplos, con baño ou con baño compartido) e cama terase en contas a orde de inscrición.



SAÍDA: 19 h. 30 m do venres 20 de abril da praza Casares Quiroga (preto das paxariñas).

CHEGADA: 21 h. do domingo 22.

MATERIAL: O propio das actividades do limiar da primavera, con roupa de abrigo e recambio dabondo.

NIVEL TÉCNICO: Baixo **NIVEL FÍSICO:** Medio.

PRAZO DE INSCRICIÓN: Do luns 5 de marzo ao venres 13 de abril. Por mor de liberar as prazas non cubertas, o prazo rematará cunha semana de antelación á saída.

COTA DA ACTIVIDADE:

Socios Federados: 99 € Non Socios (en período de proba) e federados: 119 €.
Os non federados terán que aboar o custe da contratación do seguro de accidentes
As prazas que corresponden coas 2 supletorias do edificio das escolas terán un desconto de 10 €.

O PREZO INCLÚE: viaxe de ida e volta en autocar, desprazamentos ás 2 saídas de ruta e aloxamento composto de

- 2 noites de durmir,
- 1 cea (á do sábado 21),
- 2 almozos (os do sábado 21 e o domingo 22).

PREINSCRICION E RESERVA/PAGAMENTO DE PRAZA:

-É posíbel a reserva de praza durante as primeiras dúas semanas do prazo (do 05 e o 16 de marzo), mediante o abono dun anticipo de 25 € (ou aboando a totalidade), previa solicitude ao correo electrónico artabros@artabros.org ou ao teléfono 981 21 31 15. Nestas dúas semanas a inscrición estará reservada so para socios. No resto do prazo poderán apuntarse tanto socios como non socios e só se reserva co ingreso do total da cota.

Non será posible facer pagamentos con posterioridade ao venres 13 de abril data na que se liberarán as prazas non cubertas/non totalmente pagadas.

Os pagamentos efectuaráanse:

- Na secretaría do Club en c/ Santa Teresa, 14 (a rentes do museo DOMUS) de 20 a 22 h de luns a venres.
- Ingresando o importe da actividade na conta ES25-2080-5565-00-3040002362 (ABANCA, titular: SM Ártabros), e enviando o resgardo do ingreso ou transferencia.

Datos necesarios: Nome Completo + N° teléfono

Nos ingresos por banco o concepto será: **Nome + VAL FORNELA.**

MATERIAL NECESARIO: O usado decote para camiñadas por carreiros de montaña.

MONITORES: Arximiro e equipo.

DÚBIDAS: Tfno. Ártabros 981213115 (No horario de 20:00 a 22:00 h de luns a venres).